

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 3 de xullo de 2023, pola que se convocan probas selectivas para ingresar por promoción interna en catro prazas do corpo administrativo (grupo C) do Parlamento de Galicia e pola que se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

Advertido un erro na base 6.1.1 do devandito acordo, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 521, do 10 de xullo de 2023, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«— Segundo exercicio. Só para as persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio.

Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o que será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se refiren os temas 23, 24 e 25. Esta proba deberá realizarse nun ordenador que se lle facilitará a cada opositor.

Valorarase a correcta utilización das ferramentas informáticas, a maquetación do documento, a ortografía e o axuste do seu contido ao tipo de documento de que se trate.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas (2h) e valorarase de 0 a 15 puntos.

A puntuación mínima para superar este primeiro exercicio será de 7,5 puntos.»



Debe dicir:

«— Segundo exercicio. Só para as persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio.

Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o que será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se refiren os temas 23, 24 e 25. Esta proba deberá realizarse nun ordenador que se lle facilitará a cada opositor.

Valorarase a correcta utilización das ferramentas informáticas, a maquetación do documento, a ortografía e o axuste do seu contido ao tipo de documento de que se trate.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas (2h) e valorarase de 0 a 15 puntos. A puntuación mínima para superar este exercicio será de 7,5 puntos.»

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

